



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS

##### Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 4 de xullo de 2019, sobre cesamento de persoal eventual que textualmente di o seguinte:

“Tras ver a solicitude de don Alexandre Penas Roibás, Auxiliar de Apoio do Cadro de persoal eventual, interesando a baixa como tal, con efectos do día 30 de xuño de 2019, por empezar a traballar noutra Entidade o día 1 de xullo de 2019.

Tendo en conta que a regulación dos cesamentos do persoal eventual se establece de conformidade ao sinalado no artigo 12.3 da Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que di “O nomeamento e cesamento serán libres. O cesamento terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade ó que preste a función de confianza e asesoramento”.

Tendo en conta o sinalado, esta Presidencia en uso das atribucións que lle da o artigo 34.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVE**:

Cesar a don Alexandre Penas Roibás como Auxiliar de Apoio do Cadro de Persoal Eventual, con efectividade do día 30 de xuño de 2019, que será o último día no que preste servizos efectivos con base no nomeamento, efectuado no seu día, como persoal eventual.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, a cinco de xullo de dous mil dezanove.- **O PRESIDENTE EN FUNCIÓNS**, Darío Campos Conde.- **A SECRETARIA**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2120

##### Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 8 de xullo de 2019, sobre cesamento de persoal eventual que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial, en sesión extraordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2015, referido á aprobación da proposta sobre concesión de dedicacións exclusivas aos membros da Corporación.

Dita proposta recolle, entre outros extremos, a concesión ao Grupo Provincial Popular de tres dedicacións exclusivas a repartir en dedicacións completas ou parciais segundo se considere.

Tendo en conta que o Grupo Provincial Popular con data 7 de novembro de 2015 presentou proposta de asignación dunha dedicación exclusiva a favor de don Juan Carlos Armesto Quiroga, a cal foi concedida por Resolución desta Presidencia de 9 de novembro de 2015.

Así mesmo, o Grupo Provincial Popular con data 5 de xullo de 2019, presenta escrito solicitando o cesamento do Sr. Deputado Provincial don Juan Carlos Armesto Quiroga, no réxime de dedicación exclusiva.

Por todo iso, de conformidade co disposto no art. 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, art. 34 e 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 225 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, esta Presidencia, a proposta do Grupo Provincial Popular, **RESOLVE**:

Cesar no réxime de dedicación exclusiva ao Sr. Deputado Provincial don Juan Carlos Armesto Quiroga, membro do Grupo Provincial Popular, con efectividade do día 5 de xullo de 2019.

Do presente Decreto darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre e, publicarse no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, a nove de xullo de dous mil dezanove. **O PRESIDENTE EN FUNCIÓNS**, Darío Campos Conde.- **A SECRETARIA**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2129

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía, de data 10/07/2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/09/2019. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá 10 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2130

## CASTROVERDE

#### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito num. 10/2019.**

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 5 de xullo de 2019, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito num. 10/2019, na modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 10 de xullo de 2019.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2137

## CERVO

### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Cervo, na sesión extraordinaria do día 4 de xullo de 2019, acordou, por maioría absoluta dos membros da Corporación, a distribución de dedicacións exclusivas, parciais e compatibilidades, asistencias a órganos colexiados, indemnizacións e asignacións a grupos políticos, a saber:

#### **PRIMEIRO.-DEDICACIÓNS PARCIAIS.**

-A “COORDINACIÓN DAS DISTINTAS DELEGACIÓNS” será asumida polo Alcalde, don Alfonso Villares Bermúdez. Exerceráse en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 148,5 horas ao mes, exercidas segundo as necesidades, que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 42.000,00 € brutos, divididos en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias).

-A Delegación de “FACENDA, EDUCACIÓN, CULTURA E PATRIMONIO e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía”, será asumida por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores García Caramés. Exerceráse en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 128 horas ó mes, exercidas segundo as necesidades da Delegación e que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 19.599,96 € brutos, en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias).

-A Delegación de “DEPORTES, TURISMO, FORMACIÓN E EMPREGO e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía”, será asumida por Don David Rodríguez Pernas. Exerceráse en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 120 horas ó mes exercidas segundo as necesidades da Delegación e que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 18.200,04 € brutos, en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias).

-A Delegación de “MEDIO AMBIENTE, OBRAS E INFRAESTRUTURAS, SANIDADE E POLICIA LOCAL, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía”, será asumida por Dona Manuela Méndez Álvarez. Exerceráse en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 113 horas ó mes, exercidas segundo as necesidades da Delegación e que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 13.089,96 € brutos, en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias).

#### **TERCEIRO.-ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS.**

A asistencia constitúe unha dieta ou honorario que se lle recoñece ós membros da Corporación que non perciben retribucións por dedicación parcial ou exclusiva pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno, segundo dispón o artigo 75.3 da LBR. Sendo a retribución bruta a obter por asistencia a cada sesión, a seguinte:

- Por Pleno: 50 € por sesión.
- Por Xunta de Goberno Local: 150 € por sesión.

#### **CUARTO.-INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DO SERVIZO.**

O artigo 75.4 da LBR sinala que teñen dereito a percibir indemnizacións polos gastos correspondentes a dietas por manutención, aloxamento e transporte con motivo de comisións de servizo, desprazamento fóra do termo municipal efectuados por razón do cargo e outros que correspondan a idéntica motivación sempre que sexan debidamente autorizados e sexan xustificadas documentalmente, tódolos membros da Corporación, incluídos os que desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Os correspondentes gastos serán aboados de conformidade coas disposicións contidas no RD 462/2002, de 24 de maio, sobre Indemnizacións por Razón do Servizo; así como as modificacións que poida sufrir, asimilando ó Alcalde e aos Concelleiros ó Grupo Primeiro a que se refire o Real Decreto citado.

**QUINTO.-ASIGNACIÓN OS GRUPOS POLÍTICOS.**

De conformidade co artigo 73.3 da LRBRL, propónse ao Pleno da Corporación a asignación, con cargo aos orzamentos anuais da mesma, ós tres grupos políticos da Corporación unha dotación económica trimestral que contará dun compoñente fixo ascendente a 10 € ó trimestre para cada grupo, e un variable, en función do número de membros de cada grupo, dunha contía de 150 € por concelleiro do grupo político. Esta asignación soamente poderá utilizarse para gastos de "funcionamento" do grupo, como son gastos de papelería, material de oficina, comunicacións, desprazamentos,...pero en ningún caso poderán destinarse a retribucións do persoal ao servizo do Concello, nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. O Grupo receptor da dotación económica virá obrigado a levar una contabilidade específica e render contas de seu emprego á Intervención Municipal ou poñelas a disposición do Pleno cando este así o requira. A efectos da súa xustificación perante o departamento de Intervención, será necesario aportar as correspondentes facturas que foran emitidas a nome de cada grupo político da corporación municipal.

**SEXTO.-** Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, para que sexan de xeral coñecemento.

Cervo, 9 de xullo de 2019. O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2131

---

*Anuncio*

O Pleno do Concello de Cervo, na sesión extraordinaria do día 4 de xullo de 2019, acordou, por maioría absoluta dos membros da Corporación, a determinación do número, características e retribucións do persoal eventual de confianza ou asesoramento especial para o mandato 2019-2023. a saber:

**PRIMEIRO.-** Determinar o número, características e retribucións do persoal eventual de confianza ou asesoramento especial para o mandato 2019-2023:

- a) Denominación: "Persoal eventual en materia de información e comunicación no eido local". (1 praza).
- b) Características: Atribúenselle as tarefas de estratexia global de comunicación e relación directa cos medios e redes sociais así como calquera outra correspondente á súa categoría e propia da unidade correspondente.
- c) Retribucións: 18.200,04€ brutos anuais e 5.960,52€ de Seguridade Social.
- d) Dedicación: Exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.

Cervo, 9 de xullo de 2019. O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2132

---

*Anuncio***DECRETO DE ALCALDÍA****D. ALFONSO VILLARES BERMÚDEZ; ALCALDE DO CONCELLO DE CERVO (LUGO),**

Unha vez celebradas as eleccións municipais, o pasado día 26 de maio de 2019 e constituído o novo Concello ou Corporación Municipal, resulta necesario e conveniente proceder ó establecemento da nova organización municipal e, en particular, á constitución da Xunta de Goberno Local, en exercicio da potestade de autoorganización que o art. 4.1a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta entidade.

Considerando o disposto nos art. 20.1.b) e 23 da citada Lei, que indica que "A Xunta de Goberno Local existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello", en concordancia coa previsión da lexislación autonómica de réxime local contida no art. 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que establece que a Xunta de Goberno estará integrada polo Alcalde e un número de concelleiros non superior ó terzo do número legal deles, nomeados ou separados libremente polo Alcalde, que deberá darlle conta disto ó Pleno.

Por todo elo, esta Alcaldía, no uso das atribucións que me confire a lexislación citada RESOLVE

**PRIMEIRO.-** Que a Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polas tres concelleiras que a continuación se indican:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores García Caramés.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Pilar Armada Carrete.
- D<sup>a</sup>. Denise Galán López.

**SEGUNDO.-** A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria unha vez cada quince días, os xoves ás 9:00 horas. Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo do Alcalde, poderá este convocar a sesión con carácter de ordinaria un día distinto da semana e á hora que estime adecuada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos das convocatorias. En particular, serán criterios a ter en conta pola Alcaldía para a convocatoria das ordinarias para día distinto do establecido como preferente, o feito de que tal día sexa festivo, a conveniencia dun maior estudo dos asuntos que se prevea tratar, a urxencia dos asuntos e calquera outros que xustifiquen razoadamente a decisión. Asemade a Xunta celebrará sesións extraordinarias e reunións deliberantes cando con tal carácter sexan convocadas polo seu Presidente.

O Alcalde poderá suspender a celebración das sesións da Xunta de Goberno Local do mes de agosto e alterar as de Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, cando isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais.

**TERCEIRO.-** A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

Asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións.

As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega e que, a continuación, se expresan:

Delegar as seguintes atribucións do Alcalde na Xunta de Goberno Local:

O alleamento do patrimonio cando o seu valor sexa igual ou inferior ao 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e o importe de tres millóns de euros.

A concertación da operacións de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento sexa igual ou inferior o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

O outorgamento das licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

Todas aquelas que lle atribúan as leis.

**CUARTO.-** As competencias delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local mediante a adopción de acordos na forma determinada polo art. 113 do citado Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/1986, de 23 de novembro. Sen prexuízo do dito, esta Alcaldía resérvase a avocación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola urxencia que tivesen deberan ser resoltos con prontitude e celeridade.

Efectos: Os acordos adoptados nas materias delegadas terán pleno efecto e o mesmo valor que as resolucións que dite a Alcaldía en exercicio das atribucións que non delegara.

**QUINTO.-** Comunicar esta resolución a todos os concelleiros afectados e ós diferentes servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos.

**SEXTO.-** Dar conta ó Pleno desta resolución, na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ó previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**SÉTIMO.-** A presente delegación de atribucións producirá efecto dende o día da celebración do pleno municipal de organización, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 27 de xuño de 2019. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez. Ante min, a Secretaria accidental, M<sup>a</sup> del Mar Otero Rivas.

R. 2133

---

### *Anuncio*

#### **DECRETO DE ALCALDÍA**

#### **D. ALFONSO VILLARES BERMÚDEZ; ALCALDE DO CONCELLO DE CERVO (LUGO).**

Unha vez celebradas as Eleccións Locais, o pasado día 26 de maio de 2019, e constituído o novo Concello, resulta necesario proceder ó establecemento dunha nova organización municipal, e, en particular, á designación dos tenentes de alcalde.

Considerando que de conformidade co disposto polos art. 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas nos art. 62 e concordantes da Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a designación dos tenentes de alcalde é competencia desta Alcaldía, quen deberá proceder ó seu nomeamento, mediante Decreto, de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os concelleiros.

Considerando que esta Alcaldía, en uso das competencias que lle outorga a lexislación vixente, procedeu á designación dos membros da Xunta de Goberno Local, mediante Decreto de Alcaldía.

Por todo isto, esta Alcaldía, en uso das atribucións que me confire a lexislación anteriormente mencionada,

#### **RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** Nomear tenentes de alcalde deste Concello, ós concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, que substituíran pola súa orde a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade:

Primeira tenente de alcalde: Dona M<sup>a</sup> Dolores García Carames.

Segunda tenente de alcalde: Dona. M<sup>a</sup> Concepción Pilar Armada Carrete.

Terceira tenente de alcalde: Dona Denise Galán López.

**SEGUNDO.-** Establecer que, en caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía, as atribucións e competencias que me recoñece a lexislación vixente, serán realizadas sucesivamente polas tenentes de alcalde, segunda a orde na que aparecen relacionados no apartado anterior.

**TERCEIRO.-** A estes efectos, esta Alcaldía, cando teña que ausentarse do termo municipal, establecerá mediante Decreto, a duración da súa ausencia, designando á tenente de alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta delegación expresamente, esta Alcaldía será substituída polo primeira tenente de alcalde, e, no seu defecto, por calquera das outras tenentes de alcalde establecidos en segundo lugar que se encontren presentes, que deberán dar conta disto ó resto da Corporación, sen que durante o mesmo día poida actuar como Alcalde accidental máis dunha delas.

**CUARTO.-** Comunicar este Decreto de Alcaldía ás tenentes de alcalde afectadas, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

**QUINTO.-** Dar conta ó Pleno do Concello desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque, en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**SEXTO.-** De conformidade co disposto no artigo 46 do citado Regulamento, os nomeamentos efectuados producirán efectos dende o día da celebración do pleno municipal de organización, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 27 de xuño de 2019. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez. Ante min, a Secretaria accidental, M<sup>a</sup> del Mar Otero Rivas.

R. 2134

#### *Anuncio*

#### **DECRETO DE ALCALDIA**

#### **D. ALFONSO VILLARES BERMÚDEZ; ALCALDE DO CONCELLO DE CERVO (LUGO).**

Unha vez celebradas as Eleccións Locais, o pasado día 26 de maio de 2019, e constituído o novo Concello, co obxecto de dotar dunha maior celeridade e eficacia á actuación municipal, esta Alcaldía considera necesario, en uso das facultades que lle confiren os art. 21.3 e 23.4 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e demais lexislación concordante, proceder ó establecemento dun réxime de delegacións de competencias de carácter xeral a favor dos concelleiros que logo se dirán.

De conformidade coa lexislación á que se fixo referencia anteriormente, esta Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións sempre e cando non se encuentre dentro dos supostos previstos no art. 21.3 da Lei Reguladora das bases de Réxime Local.

Por todo isto, esta Alcaldía, no uso das atribucións que legalmente teño conferidas, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Encomendar a coordinación das distintas delegacións ao Alcalde D. Alfonso Villares Bermúdez.

**SEGUNDO.-** Establécense as seguintes Delegacións por áreas de xestión e servizos municipais:

Delegación de Facenda, Educación, Cultura e Patrimonio, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: á concelleira dona. M<sup>a</sup> Dolores García Caramés.

Delegación de Medio Ambiente Obras e Infraestruturas, Sanidade e Policía Local, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: á concelleira dona Manuela Méndez Álvarez.

Delegación de Deportes, Turismo, Formación e Emprego, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: ó concelleiro don David Rodríguez Pernas.

Delegación de Réxime Interior, Zona Rural e Protección Civil, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: ó concelleiro don Alfredo Antonio Fernández Casas.

Delegación de Xuventude e Ecoloxía, e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: á concelleira dona Denise Galán López.

Delegación de Servizos Sociais e Igualdade e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: á Concelleira dona M<sup>a</sup> Concepción Pilar Armada Carrete.

**TERCEIRO.-** Confírese a delegación de firma a favor de:

Dona M<sup>a</sup> Concepción Pilar Armada Carrete nos seguintes supostos:

-Autorización de uso dos locais municipais

Dona Manuela Méndez Álvarez nos seguintes supostos:

Certificacións do Padrón Municipal de Habitantes.

Certificacións e notificacións de acordos plenarios e dos órganos de goberno.

Tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico.

Expedientes de autorización para ocupación do dominio público relativos aos valos/estadas/plataformas elevadoras e autorizacións similares.

Don David Rodríguez Pernas nos seguintes casos:

Autorización de uso dos locais municipais deportivos.

**CUARTO.-** As delegacións de atribucións nos concelleiros abranguen a facultade de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, pero non inclúiran a facultade de resolver fronte a terceiros mediante actos administrativos e sen autorización do gasto.

**QUINTO.-** As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro. E neste caso a Alcaldía poderá mandar ás distintas delegacións determinadas funcións específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía.

Terase a obriga de manter informado puntualmente á Alcaldía das resolucións que se adopten por delegación.

**SEXTO.-** Estas delegacións, de conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, terán efecto dende o día seguinte á data de notificación deste Decreto ós concelleiros afectados, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía.

**SÉTIMO.-** Notificar este decreto ós concelleiros afectados, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita se, dentro do prazo das 24 horas seguintes, non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

**OITAVO.-** Dar conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar do presente decreto, que producirá efecto dende o día seguinte ó da súa data sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP, conforme o disposto no art. 44 do RD 2568/1986 e notificación os designados.

Cervo, 27 de xuño de 2019. O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez. Ante min, a Secretaria accidental, M<sup>a</sup> del Mar Otero Rivas.

R. 2135

---

### *Anuncio*

#### **APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE CERVO PARA POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR**

De conformidade co decreto de Alcaldía 2019-0680 de data 27/06/2019, faise a convocatoria para a apertura para a bolsa de emprego do Concello de Cervo para postos de traballo de auxiliar de axuda no fogar.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web ([www.concellodecervo.com](http://www.concellodecervo.com)).

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días naturais a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cervo, 10 de xullo de 2019, O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2136

## CHANTADA

### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía, de data 10/07/2019, aprobaronse as bases para a creación dunha bolsa de emprego e convocatoria de selección de persoal, que se transcriben a continuación

**“ BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DE PEÓNS ESPECIALISTAS CON COMETIDO MÚLTIPLE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE CHANTADA DURANTE UN PERIODO DE CATRO ANOS**

#### **ANEXO I. BASES XERAIS**

##### **PRIMEIRO.- OBXECTO DAS BASES XERAIS.**

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento xenérico para a selección de persoal laboral temporal no Concello de Chantada.

O persoal seleccionado prestará servizos, de carácter temporal, no Concello de Chantada, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poida encomendar a Alcaldía ou as concellerías delegadas, que garden relación cos postos a desempeñar e que afecten ao funcionamento do servizo público descrito esencial para a cobertura das necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no Taboleiro de edictos de Edictos da Casa Consistorial e na páxina web municipal: [www.concellodechantada.org](http://www.concellodechantada.org)

Estas Bases son Xerais, polo cal acudiráse a cada convocatoria concreta e específica regulada a través das Bases Específicas.

##### **SEGUNDO.- NORMAS DE APLICACIÓN.**

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réximen local, o Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réximen de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Emprego Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, e a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas. E de forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

##### **TERCEIRO.- REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

**A) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.**

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.



- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

**B)** Estar en posesión da titulación de esixida en cada caso para cada praza nos termos sinalados nas Bases Específicas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

**C)** Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

**D)** Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

**E)** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

**F)** Posuír coñecemento do idioma galego, que se acreditará mediante o exixido para cada praza nas Bases Específicas.

**G)** Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Chantada, os/as aspirantes seleccionados/as comprométese a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

**H)** Os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados deberán ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

#### **CUARTO.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Os/As interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo destas bases e que tamén se facilitará nas Oficinas administrativas do Concello de Chantada e na súa páxina Web, ao Sr. Alcalde do Concello de Chantada, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e nas bases específicas para a praza que se opte, ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios sinalados na Lei 39/2015, deberán comunicalo mediante fax ao núm. 982.462 102, remitindo copia anexa da solicitude de participación no proceso selectivo. Serán excluídas todas aquelas solicitudes que non remitiran este avance ao fax citado.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

#### **QUINTO.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.**

##### **5.1.- COPIA COTEXADA DO DNI OU PASAPORTE.**

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

**5.2.- COPIA COTEXADA DA TITULACIÓN ESIXIDA EN CADA POSTO CONCRETO.**

**5.3.- COPIA COTEXADA DO TÍTULO DE GALEGO ESIXIDO EN CADA POSTO CONCRETO.**

**5.4.- COPIA COTEXADA DO CARNÉ DE CONDUCIR, DE SER NECESARIO.**

**5.5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO O ANEXO.**

**5.6.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS PARA A FASE DE CONCURSO (VIDA LABORAL, CONTRATOS, CERTIFICADOS DE EMPRESA, CURSOS..) DEBIDAMENTE COTEXADA.**

Deberase acompañar á solicitude, as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/emprego ao que se opte, mediante:

Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, informe de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal).

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos nas Bases Específicas deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

**5.7.- OS ASPIRANTES CON DISCAPACIDADE DEBERÁN FACER CONSTAR NA SOLICITUDE, CO FIN DE FACER AS ADAPTACIÓNS DE TEMPO E MEDIOS NECESARIOS, PARA GARANTIR A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES CO RESTO DOS ASPIRANTES.**

#### **SEXTO.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

Dacordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que no cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

- 1) **Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.
- 2) **Secretario:** Un funcionario da Corporación, que actuará con voz pero sen voto.
- 3) **Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio do seu discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe o Sr. Alcalde. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

#### **PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.**

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, so terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesión que se produzan en distintos días, a percibir as axudas de custo por asistencia de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sempre e cando exista una proba no proceso de selección.

#### **SÉPTIMO.- SISTEMA DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.**

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

##### **– FASE DE OPOSICIÓN:**

A fase de oposición será previa á do concurso.

Consistirá na realización dunha proba teórica ou práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acordos coa praza.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados nas dúas fases. No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obtivese a maior puntuación no exercicio de carácter práctico. De persistir o empate resolverase por sorteo realizado polo Tribunal de selección en presenza dos aspirantes afectados

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

##### **– FASE DE CONCURSO.**

Esta fase será posterior á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para supera-los exercicios da fase de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os méritos establecidos para cada posto en concreto.

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente.

Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

#### **OITAVO.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 2 días hábiles, coa lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Chantada o, farase constar a causa da exclusión e concederase un prazo de tres días hábiles para que polos interesados poidanse formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Chantada. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indicarse a data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio.

Ademais farase constar cos resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, exporase nos locais onde se celebrou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada.

**NOVENO.- RELACIÓN DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos que pasan a formar parte desta Bolsa de emprego durante catro anos desde a súa aprobación.

O órgano competente, no momento de tirar da Bolsa, procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

**PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Chantada a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

O prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que non poderá ser obxecto de ampliación en ningún caso.

**DÉCIMO.- BOLSA DE TRABALLO**

Todas as persoas que superen o proceso de selección, serán incluídas nunha bolsa de traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias, para contratación de persoal para postos de peóns especialistas para traballos nos distintos eventos programados polo Concello, así como cubrir interinamente baixas, licencias e outras situacións análogas de personal desta categoría nas distintas áreas de prestación de servizos desta Administración, como persoal laboral temporal no Concello de Chantada durante un período de catro anos desde a súa aprobación.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo co Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Esta bolsa de emprego terá a vixencia máxima de catro anos desde a súa aprobación.

E no momento da súa utilización os aspirantes deben presentar toda a documentación que acredite o cumprimento de todos os requisitos esixidos.

**UNDÉCIMO.- PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

Reservarase unha cota do sete por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas.

A reserva do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Cada Administración Pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado devandito proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade.

**DUODÉCIMO.- RECURSOS.**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario e Convenio Colectivo do Persoal do Concello, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

## **ANEXO II. BASES ESPECÍFICAS DOS POSTOS/EMPREGOS DENOMINADOS PEÓN ESPECIALISTAS CON COMETIDO MÚLTIPLE**

**1.- Obxecto da convocatoria:** É a selección mediante concurso-oposición, de dez postos de peóns especialistas de cometido múltiple para traballos a xornada completa (100%) para as distintas áreas municipais área en réxime de persoal laboral temporal, no ano 2019.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal.

### **PEÓN ESPECIALISTA.**

Valoración económica da contratación □	<b>1934,58 €/mes</b>
1) SALARIO MENSUAL	1.370,75 €/mes
□ Salario	1.170,78 €
□ Pagas extras	199,97 €
2) SEGURIDAD SOCIAL	518,14 €/mes
3) INDEMNIZACIÓN FIN DE CONTRATO	45,69 €/mes

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias do peón especialista para desenvolver traballos de cometido múltiple nas distintas áreas e servizos municipais e as asinadas polo Alcalde da Corporación e Concelleiro de Cultura, entre outras:

1. Axuda a todas as tarefas que lle sexan encomendadas.
2. Aproveitamento óptimo dos materiais.
3. Distribúe os materiais segundo directrices.
4. En todos os casos transporte, colocación e retirada valos.
5. Colocación e retirada de cadeiras en espectáculos ao aire libre e outros.
6. Pintado pasos cebra, bordos e outros.
7. Apertura, control e peche de edificios vinculados a espectáculos, eventos, etc.
8. Aparcadoiro vehículos. O seu control: Desde accesos ata retirada.
9. Utilizar pequena ferramenta tal como trades e grampadoras-clavadoras eléctricas, serra de calar, etc
10. Usa e mantén os equipos de protección persoal e colectiva.
11. Utiliza o dumper para o transporte de materiais e ferramentas, se dispón de permiso de conducir.
12. Manexo vehículos tipo todoterreo, pik up, camioneta.
13. Mantén as ferramentas en perfectas condicións de uso e garda.
14. Control de entrega e reconto de botellas e outros en Feira Viño.
15. Recadación domiciliaria cotas festexos patronais.
16. Transporte, colocación e retirada de colectores na Vila e parroquias.
17. Axuda en construción de palcos, celebración carrilanas, casetas feiras, folión carros, festa da empanada, comparsas entroido, desfile reis meigos, subida automobilística a Chantada, e outros eventos culturais. Participando en toda a loxística dos mesmos.
18. Participar en recolleita pilas e control de vertedoiros con entrega en punto limpo.
19. Axuda a Policía local en temas de tráfico.
20. Confección e colocación de carteis.

21. Colaboración con persoal integrante de bandas, orquestras, grupos teatro, organizadores de cinema ao aire libre, etc; guiándoos e orientándoos.
22. Amasar morteros y yesos.
23. Corta y acopia piezas cerámicas y prefabricados para su situación en obra
24. Rejunta y limpia fábricas de ladrillo, incluyendo el caravista.
25. Realiza nivelaciones y traza pendientes en excavaciones.
26. Distribuye, reparte y nivela hormigones de limpieza y de revestimientos de tuberías.
27. Rellena y compacta tierras de zanjas, utilizando incluso compactador-vibrador de mano.
28. Utiliza pequeña herramienta tal como compresores, martillos neumáticos, vibradores,
29. Utiliza el dumper para el transporte de materiales y herramientas, si dispone de permiso de conducir.
30. Desarrollar los cometidos necesarios en todos los eventos programados por este Ayuntamiento: Festejos, programaciones deportivas, de ámbito cultural y cualquier otra que se pudiese producir.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 o equivalente.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir B.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

**A) Fase de oposición.** De carácter eliminatoria.

**B) Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

**A) FASE DE OPOSICIÓN.** Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada co traballo a efectuar.

A proba, de carácter eliminatorio, será cualificada de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos para superala.

**Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política linguística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sin diccionario, elixido libremente polo tribunal, de castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

**B) FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 6 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

1) Experiencia profesional. Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 1,00 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,50 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo.

O ter realizado actividades propias do posto de traballo en réxime de voluntariado para unha entidade pública ou privada, puntuarase como máximo até dous puntos: 0,75 puntos por mes no sector público e 0,50 puntos no privado. Acreditarase en calquera caso mediante certificación expedida polo organismo ou entidade que corresponda.

2) Formación : Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

**ANEXO III. MODELO DE INSTANCIA**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
 número de teléfono \_\_\_\_\_, con domicilio a estes efectos en  
 \_\_\_\_\_,  
 \_\_\_\_\_, e dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_, expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Chantada para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza (senalada con unha (X)):

Peón especialista de cometidos múltiples.

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do título de galego.
- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir, se procede
- Declaración responsable
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019,

O/A Solicitante

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA**



**ANEXO IV. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
 número de teléfono \_\_\_\_\_, con domicilio a estes efectos en  
 \_\_\_\_\_,  
 \_\_\_\_\_, e dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_,

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

Peón especialista de cometido múltiple.

convocada polo Concello de Chantada e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

- A)** Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- B)** Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.
- C)** Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019.

O/A Solicitante

Asdo. \_\_\_\_\_

O que se fai público os efectos dos acordos adoptados e xeral coñecemento.

Chantada, 4 de xullo de 2019.- .O Alcalde. Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 2138

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao **2º trimestre de 2019**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante a Sra. Alcaldesa, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o **01 de Outubro de 2019**, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 4 de xullo de 2019.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 2097

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓNS FISCAIS IMPOSTO BENS INMOBLES 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 8.07.2019 aprobáronse os padróns fiscais do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, rústica e de características especiais do exercicio 2019.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 5.08.2019 ata o 07.10.2019.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 8 de xullo de 2019.- O alcalde-presidente, José Tomé Roca.

R. 2098

---

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA XUÑO 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 8.07.2019 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de xuño de 2019.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 15.07.2019 ata o 16.09.2019.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 8 de xullo de 2019.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca

R. 2099

---

### **O SAVIÑO**

#### *Anuncio*

#### **MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO**

Mediante decreto de Alcaldía de data 26/06/2019 acordouse:

**PRIMEIRO.-** Nomear como membros da Xunta de Goberno Local deste Concello, se a súa existencia é aprobada polo Pleno deste Concello, xunto a mín, como Presidente, aos seguintes Concelleiros:

- D. Joaquín González González
- Dna. María del Carmen Expósito González.
- Dna. Beatriz Rois Castro

**SEGUNDO.-** Ao abeiro dos art. 23.2 da LBRL e 65 da LALG, atribuír á Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

2.1 1. A asistencia permanente ao Sr. A alcalde no exercizo das súas atribucións.

2.2. As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega e que a continuación se expresan:

- Aprobar, dispoñer, recoñecer gastos, así como ordear os pagos ata o límite da súa competencia coas excepcións previstas nas Bases de Execución do Orzamento (pagos de nóminas do persoal, seguridade social, IVE, IRPF, cuxo pago será acordado pola Alcaldía calquera se sexa a súa contía).
  - As contratacións de toda clase cando o seu importe non exceda o 10% dos recursos ordinarios do seu orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre co importe acumulado de tódalas anualidades non supere o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercizo, nin a cuantía sinalada, con arranxo o procedemento legalmente establecido.
  - As adxudicacións de concesións sobre os bens do concello e a adquisición de ben inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu importe non exceda o 10% dos recursos ordinarios do seu orzamento nin, en calquera caso, os tres millóns de euros así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
  - Outorgamento de licenzas urbanísticas, toma de razón das comunicación previas de actividade e das comunicacións previas urbanísticas e declaración de eficacia das mesmas.
- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así coma instrumentos de xestión urbanística e proxectos de urbanización.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis ao Alcalde, e aquelas que a lexislación do estado e das CC.AA asignen ó Municipio e non atribúan expresamente a outros órganos municipais.

**TERCEIRO.-** Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado na Xunta de Goberno Local por parte da Alcaldía con anterioridade.

**CUARTO.-** Pese ás delegacións conferidas, a Alcaldía poderá mediante Resolución motivada, resolver sobre as materias delegadas, cando a urxencia do asunto así o xustifique, dando conta á Xunta de Goberno Local na sesión inmediata seguinte para a súa ratificación.

**QUINTO.-** Da presente resolución darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que se celebre, ademais notificarase persoalmente ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente resolución conforme se indica no núm. 1 do art.23 da Lei 7/85 de 2 de abril e 52.4 do R.O.F. de 28 de novembro de 1986

**SÉTIMO.-** A eficacia do presente acto quedará supeditada ao acordo que sobre creación de Xunta de Goberno Local adopte o Pleno.

O que se fai público de conformidade co artigo 44.2 do R.D 2568/86 do 28 de novembro, poñendo de manifesto que dacordo co artigo 38 d) do RD 2568/1986 de 28 de novembro do citado decreto deuse conta ao Pleno do concello de O Saviñao en sesión de 01/07/2019.

O Saviñao, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2100

### *Anuncio*

#### **TENENTES DE ALCALDE**

Mediante decreto de Alcaldía de data 26/06/2019 acordouse:

**Primeiro.-** Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros:

- Primeiro Tenente de Alcalde: D. Joaquín González González
- Segundo Tenente de Alcalde: Dna Beatriz Rois Castro

Aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ó Alcalde nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

**Segundo.-** Da presente resolución darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que se celebre, ademais notificarase persoalmente ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente resolución conforme se indica na vixente lexislación.

O que se fai público de conformidade co artigo 46.1 do R.D 2568/86 do 28 de novembro, poñendo de manifesto que dacordo co artigo 38 d) do RD 2568/1986 de 28 de novembro do citado decreto deuse conta ao Pleno do concello de O Saviñao en sesión de 01/07/2019

O Saviñao, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2101

*Anuncio***RETRIBUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO E ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS**

O Pleno do concello de O Saviñao na súa sesión de 01/07/2019 adoptou o seguinte acordo que na súa parte dispositiva sinala:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as seguintes adicacións exclusivas:

1º) O Alcalde- presidente, D Juan Carlos Armesto Quiroga terá unha adicación exclusiva e percibirá unas retribucións mensuais brutas de 2.757,44 €, máis dúas pagas extraordinarias da mesma cantidades, actualizándose de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios públicos. O aboamento da adicación quedará supeditado á aprobación da modificación de crédito correspondente se ben producirá efectos dende a data da súa aprobación polo pleno.

2º) A concelleira delegada de Cultura e Xuventude e Servizos Sociais Dna Beatriz Rois Castro terá adicación exclusiva, e percibirá unhas retribucións mensuais brutas de 1.400,00 € polas funcións e responsabilidades no exercizo do seu cargo, sendo a retribución de 12 pagas máis dúas extraordinarias pola mesma cantidade, actualizándose de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios públicos.

3º) O concelleiro delegado de Deportes, Feiras e mercados D. Jorge Eugenio Rodríguez Álvarez terá unha adicación exclusiva e percibirá unhas retribucións mensuais brutas de 1.300,00 € polas funcións e responsabilidades no exercizo do seu cargo, sendo a retribución de 12 pagas máis dúas extraordinarias pola mesma cantidade, actualizándose de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios públicos

**SEGUNDO.-** Fixar como importe das asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación dos que se forme parte, as actualmente establecidas nas Bases de Execución do orzamento xeral municipal do exercicio 2019, a excepción da Comisión de Coordinación do Goberno Local de nova creación que a dieta por asistencia será de 150 euros ó igual que a Xunta de Goberno.

**TERCEIRO.-** Fixar como importe das indemnizacións por gastos ocasionados polo exercicio de cargo representativo, as actualmente establecidas nas Bases de Execución do orzamento xeral municipal do exercicio 2019.

**CUARTO.-** Fixar as seguintes asignacións a grupos políticos con carácter trimestral con arreglo aos seguintes criterios:

- 40€ por concelleiro/mes
- 50 €/mes asignación fixa a grupo político
- Cando algún concelleiro deixe de pertencer ao grupo no que foi elixido, o pago do importe de 40 € faráselle a él personalmente.

Os pagos faranse con carácter trimestral. Conforme o disposto na Lei 11/99 de 21 de abril pola que se modifica a Lei de bases de réxime local as devanditas cantidades non poderán destinarse o pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Deberán levar unha contabilidade específica que poñerán a disposición do pleno, sempre que o pida. O fin fundamental desta contribución é o funcionamento ordinario dos Grupos Políticos (alugamento de locais, calquera acto de representación institucional, material de oficina, etc).

**QUINTO.-** Proceder á publicación do presente acordo no BOP de Lugo aos efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 5/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

O Saviñao, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2102

*Anuncio*

O Pleno do Concello de O Saviñao, en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2019 acordou a aprobación inicial do expediente nº 5/2019 de modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de crédito.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o citado acordo.

O Saviñao, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2103

## TABOADA

### *Anuncio*

#### **ACORDOS DE ORGANIZACIÓN DO CONCELLO DE TABOADA**

Dase publicidade a parte dispositiva dos acordos de Organización do Concello de Taboada adoptados polo Pleno de data 25 de xuño de 2019, e das resolucións da Alcaldía – Presidencia ás que se refire o artigo 38.d) do Real Decreto 2568/1986.

<< Primeiro. Periodicidade e horario das sesións plenarias ordinarias: O Concello en Pleno celebrará sesións ordinarias o último MARTES dos meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro de cada ano, ás 20:00 horas. >>

<< Primeiro. Crear a Xunta de Goberno Local no Concello de Taboada, visto que non consta como órgano necesario no ROM.

